



INFORMACIÓN SOBRE CONDICIÓN PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NO IES REGO DE TRABE (CULLEREDO)

• **CANON ANUAL**

O canon mínimo anual calculado para o curso 2017-2018 (apartado 4.2 das Bases) ascende á cantidade de **376,40 euros, sen prexuízo de que calquera interesado na concesión do servizo poida ofertar unha cantidade máis elevada)**

(horario: de luns a venres de 8:30 á 14:10; luns de 16:20 a 18:00 h.)

• **SUPERFICIE. PARTICIPACIÓN NOS GASTOS DE CONSUMOS**

De acordo co apartado 9.6 das instrucións xerais, o contratista deberá participar proporcionalmente nos gastos de consumo de auga, calefacción, luz e gas en función aos metros cadrados que ocupe.

No caso de que se instale contador individual de electricidade para a zona da cafetería, o adxudicatario correrá cos consumos que se indique no antedito contador.

A suma da superficie da sala de cafetería, da cociña e do almacén é de 95 metros cadrados.

• **DOTACIÓN E MOBILIARIO**

O local da cafetería ten mobiliario –incluída a barra- e electrodomésticos, que son propiedade do adxudicatario da cafetería durante o curso 2016-2017.

Na cociña, a Consellería de educación unicamente instalou campana extractora e termo eléctrico para auga quente.

No caso de que se cambie o mobiliario –incluída a barra- as persoas interesadas na concesión do servizo da cafetería do IES Rego de Trabe deben entregar xunto coas súas propostas, fotografías das mesas e cadeira que proxecten poñer na sala; e un esquema co deseño da barra e o material no que vai ir construído.

Deseño do mobiliario e barra:

- O adxudicatario do servizo da cafetería do IES Rego de Trabe debe amoblar á sala de maneira que resulte harmónica ao deseño do instituto: a barra da cafetería ha de ser de madeira aglomerada en azul (como a de Conserxería).
- As mesas e cadeiras para a cafetería deben ser de material similar ao mobiliario do centro (madeira clara).

• **PRODUCTOS QUE HAI QUE OFERTAR E PREZOS MÁXIMOS**

No anexo III das Instrucións xerais figuran os prezos máximos dos artigos á venda.

Do apartado de “Bocadillos” só será obrigado ofertar un mínimo de 7 variedades .

Os pratos combinados tamén serán de oferta voluntaria.

• **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A documentación necesaria entregarase na Secretaría do centro desde o día 3 de xullo de 2017 ata o 17 de xullo de 2017, ámbolos dous inclusive (de 10:00 a 13:00 h)

• **VALORACIÓN DAS PROPOSTAS**

A partir do 18 de xullo publicaranse os resultados de aplicar o baremo.

As persoas que representan as tres propostas con máis puntuación serán citadas para unha entrevista persoal coa directora do centro.

En Culleredo a 30 de xuño de 2017

Asdo.: Alicia Menéndez Villalva
(Directora IES Rego de Trabe)